



CEIP Emilia Pardo Bazán

CIRCULAR “XIX RASTRILLO SOLIDARIO”

Estimadas familias de alumnado de educación primaria:

O día 30 de xaneiro conmemórase en tódolos centros educativos o DIA ESCOLAR POLA PAZ E A NON VIOLENCIA. No CEIP Emilia Pardo Bazán o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares xunto co Equipo de Dinamización da Lingua Galega están traballando nas actividades a desenvolver para conmemorar a citada data. Entre elas está a celebración do **XIX RASTRILLO SOLIDARIO** que ano tras ano vimos realizando, contando coa axuda desinteresada de toda a comunidade educativa do noso centro. Coa colaboración desinteresada das familias do noso alumando móntase un rastrillo de xogos e xoguetes, a prezos módicos, que buscan un fin solidario. Coa cantidade recadada realízase unha achega a unha entidade ou ONG de axuda ós máis desfavorecidos, que un ano máis irá destinada á **Cociña Económica da Coruña**.

Solicitamos encarecidamente que os xogos e xoguetes entregados para o rastrillo solidario presenten un bo estado e funcionen (para evitar desilusións inesperadas entre o alumnado).

Datas:

Entrega no colexio dos xogos e xoguetes: 29, 30 e 31 de xaneiro de 9 a 13 horas e polas tardes de 16:00 a 18:00 horas.

Montaxe do Rastrillo: do 29 ao 31 de xaneiro (colaboradores ANPA e persoal do centro).

Visitas ao XIX Rastrillo Solidario: 1 e 2 de febreiro, de 9 a 14 h (ALUMNADO). e de 16:00 a 18:00 h. (FAMILIAS).

Grazas pola súa colaboración.

A Coruña, 25 de xaneiro de 2018

O CLAUSTRO DE PROFESORADO